

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 9 DE MARZO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás doce horas e trinta minutos do día nove de marzo de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguineo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

Vistos os seguintes expedientes de contratación:

- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á "Producción Actos 8 Marzo "Día internacional da Muller" 2022 a celebrar os días 11, 12 e 13 de marzo" á empresaria Begoña Mareque Maneiro, co NIF 32800348W e domicilio en Bribes pequeno 21A – 15659 Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 7.100,00 € sen IVE (8.591,00 € IVE incluído). Expediente núm. 2022/C002/000022
- Proposta para declarar deserto o procedemento de contratación para a obra "Proxecto básico e de execución de demolición do edificio sito en lugar dos Campóns. Castrobó". Expte: 2021/C003/000010.

Dada a urxencia dos citados expedientes e tendo en conta que o expediente - Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á "Producción Actos 8 Marzo "Día internacional da Muller" 2022 a celebrar os días 11, 12 e 13 de marzo" á empresaria Begoña Mareque Maneiro, co NIF 32800348W e domicilio en Bribes pequeno 21A – 15659 Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 7.100,00 € sen IVE (8.591,00 € IVE incluído). Expediente núm. 2022/C002/000022, son actuacións a realizar esta fin de semana.

Estas circunstancias motivan a urxencia da realización da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Por todo isto, o señor presidente manifesta que considera adecuadamente xustificada a urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º. Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á “Producción Actos 8 Marzo “Día internacional da Muller” 2022 a celebrar os días 11, 12 e 13 de marzo” á empresaria Begoña Mareque Maneiro, co NIF 32800348W e domicilio en Bribes pequeno 21A – 15659 Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 7.100,00 € sen IVE (8.591,00 € IVE incluído). Expediente núm. 2022/C002/000022

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 25/02/2022 asínase pola coordinadora de actividades culturais en funcións, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente á “Producción Actos 8 Marzo “Día internacional da Muller” 2022 a celebrar os días 11, 12 e 13 de marzo” elaborado pola coordinadora de actividades culturais en funcións, cun importe de licitación de 7.871,76 euros sen IVE, 9.524,83 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 3 días, no que se motiva a necesidade do contrato:

“PROPOSTA E INFORME DE NECESIDADE – MIXTO (SUBMINISTROS e SERVIZOS)		
EXPEDIENTE	2022/C002/000022	
1. ÓRGANO PROPOÑENTE DO CONTRATO	Cultura	
2. OBXECTO DO CONTRATO	2.1. Denominación	CM Producción Actos 8 Marzo “Día internacional da Muller” 2022 a celebrar os días 11, 12 e 13 de marzo.
	2.2. Descrición <i>(Descrición detallada do obxecto do contrato)</i>	CM Actos 8 Marzo “Día internacional da Muller”2022 son os seguintes: <ul style="list-style-type: none"> - venres 11 Concerto “Tour Vacanal” do trío de mulleres De Vacas, ás 21,00 h, dirixido a poboación xuvenil e adulta, en xeral (Rede cultural 2021) - sábado 12 Contacontos “Heroes e heroas” por conta do cómico e monoloxista Pedro Brandariz, ás 18,00 h, dirixido ao público infantil de 3 a 10 anos. - domingo 13 Función teatral de narración oral denominada “Costureiras” da compañía Tarabela Creativa, ás 19,00 h, dirixida a público xuvenil e adulto (+ de 13 anos)

3. NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE CO CONTRATO PROXECTADO, XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO E REALIZACIÓN DOS FINS INSTITUCIONAIS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COA SATISFACCIÓN DESTA NECESIDADE (competencia Municipal); IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACER AS NECESIDADES QUE PRETENDE: *(enumerar os motivos e finalidade que levan ao concello a executar os servizos dentro das competencias que ten atribuídas, tendo en conta que a relación da necesidade co obxecto do contrato deberá ser directa, clara e proporcional segundo os apartados seguintes).*

3.1.- Xustificación da necesidade do contrato

A xustificación da necesidade do contrato, así como a súa natureza e extensión, redunda nas competencias propias que ostenta o Concello en materia de ocupación do tempo libre e promoción da cultura, conforme se estipula no artigo 25.2. l) y m) de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. E especialmente na Lei orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva entre homes e mulleres

3.2.- Xustificación da natureza e extensión das necesidades a cubrir:

Esta iniciativa considérase necesaria para atender en xeral a demanda da veciñanza en materia de ocio e tempo libre e nesta ocasión, reivindicar valores sociais e culturais; especificamente con motivo do día internacional da Muller, o 8 de marzo, estimular pautas de comportamento favorecedoras da igualdade entre os xéneros, a igualdade de trato e de oportunidades, a non violencia e a eliminación da discriminación, sexa cal fora a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida a fin de alcanzar unha sociedade máis democrática, máis xusta e máis solidaria.

3.3.-Xustificación da idoneidade do seu obxecto e contido:

As actividades artísticas propostas redundan en eses valores sociais e están seleccionadas para achegalas a un amplo abano de idades. Así o contacontos está dirixido aos rapaces e rapazas de 3 a 10 anos, a función teatral de narración oral ao público xuvenil e adulto (+ de 13 anos) e o concerto musical tamén á poboación xuvenil e adulta.

Informe de necesidade que se emite a teor do establecido no artigo 118.1, parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

4. XUSTIFICACIÓN DE QUE A CONTRATACIÓN PRETENDIDA NON SUPÓN UN FRACCIONAMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO PARA EVITAR A APLICACIÓN DAS NORMAS XERAIS DA CONTRATACIÓN:

O obxecto do contrato é determinado, cunha unidade operativa e unha única prestación, polo tanto, non supón un fraccionamento do obxecto do contrato.

O que se fai constar a teor do establecido no artigo 118.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e Base vixésimo quinta do orzamento.

Visto que o concello non dispón dos medios técnicos e humanos necesarios para realizar o traballo, considérase necesario a contratación dunha empresa externa para a súa realización, considerando que a actuación que se pretende contratar é adecuada para o fin perseguido.

Vista a **MEMORIA VALORADA DO SERVIZO:**



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Denominación	CM Actos 8 Marzo "Día internacional da Muller" 2022 a celebrar os días 11, 12 e 13 de marzo.		
Técnico/a redactor/a	M ^a Pilar Paz Delgado, dinamizadora cultural		
Data de elaboración	24/02/2022		
Código CPV	92000000-1		
Descrición CPV	Servizos de lecer culturais e deportivos		
Prazo de execución	3 DIAS		
Orzamento base de licitación	Orzamento (IVE excluído)		7.871,76 €
	Tipo impositivo	21%	1.653,07 €
	Orzamento total (IVE incluído)		9.524,83 €

Vistas as características do servizo e que se trata dunha necesidade puntual e non prevista, considérase necesario executar o citado gasto mediante o procedemento máis adecuado, que é o do contrato menor, iso atendendo á natureza, contía e simplicidade da tramitación, efectuando para isto, a seguinte proposta de criterios de adxudicación:

PROPOSTA CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

(De considerarse oportuno establecer criterio/s de adxudicación distintos do prezo deberán indicarse expresamente neste apartado. Neste caso, e cando exista máis dun criterio de adxudicación deberá establecerse a ponderación que se lle dá a cada un deles, así como a fórmula para o cálculo da puntuación)

O prezo

(...)"

Con data 22/02/2022 emítese documento de "Retención de crédito" pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 334 22609 (Actividades culturais) e 334 22706 (Premios y asistencias técnicas promoción cultural).

Con data de 02/03/2022 modificouse por causas imprevistas, debido ao deceso dun dos artistas invitados, a "Memoria Valorada", na que consta como orzamento base de licitación o de 7.210,56 euros sen IVE, 8.724,78 euros IVE incluído.

Con data 08/03/2022 emítese informe pola dinamizadora cultural, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, no que consta que "foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- AUDIO – MARCOS MANUEL SOUTO CASTELO
- BEGOÑA MAREQUE MANEIRO
- PRODUCCIONES MANARTE S.L.

E que presentou oferta a empresa que a continuación se relaciona:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
BEGOÑA MAREQUE MANEIRO	7.100,00 euros	8.591,00 euros

Formulando proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á produción dos actos do 8M Día internacional da muller 2022, á empresaria Begoña Mareque Maneiro, co NIF 32800348W e domicilio en Bribes pequeno 21A – 15659 Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 7.100,00 € sen IVE (8.591,00 € IVE incluído), por ser a única empresa que presentou oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 08 de marzo de 2022, e mailo informe de fiscalización nº 77/2022, emitido polo interventor da Corporación con data do 09 de marzo de 2022.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a “Proposta-Informe de Necesidade”, correspondente á “Producción Actos 8 Marzo “Día internacional da Muller” 2022 a celebrar os días 11, 12 e 13 de marzo” elaborada pola elaboradora de actividades culturais accidental, cun importe de licitación de 7.210,56 euros sen IVE, 8.724,78 euros IVE incluído e a necesidade de contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo nas aplicacións orzamentarias 334 22609 (Actividades culturais) e 334 22706 (Premios y asistencias técnicas promoción cultural).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor mixto, expediente 2022/C002/000022, da subministración e servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato menor correspondente á “Producción dos actos do 8M Día internacional da muller 2022”, á empresaria Begoña Mareque Maneiro, co NIF 32800348W e domicilio en Bribes pequeno 21A – 15659 Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 7.100,00 € sen IVE (8.591,00 € IVE incluído), e un prazo de execución de 3 días por ser a única empresa que presentou oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á dinamizadora cultural , dona Pilar Paz Delgado, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º. Proposta para declarar deserto o procedemento de contratación para a obra "Proxecto básico e de execución de demolición do edificio sito en lugar dos Campóns. Castrobó". Expte: 2021/C003/000010.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C003/000010 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), da obra "Proxecto básico e de execución de demolición de edificio sito en lugar dos Campóns. Castrobó, cun orzamento base de licitación de 92.916,86 € sen IVE, 112.429,40 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 13 de decembro de 2020, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento así como a proposta de adxudicación, posteriormente ratificada en sesión do 12 de xaneiro de 2022, a prol do licitador "Demoliciones Javier Ares, S.L", por ser a entidade que obtivo a maior puntuación de conformidade cos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, toda vez que xustificou suficientemente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de ser oferta anormalmente baixa, segundo consta no informe do arquitecto municipal de data 4 de xaneiro de 2022, ratificado pola Mesa de Contratación en sesión celebrada o 12 de xaneiro de 2022.

Visto que con data 1 de febreiro de 2022, a Mesa de Contratación realizou proposta de exclusión do licitador "Demoliciones Javier Ares, S.L" ao considerar que dita empresa retirou a súa oferta, tendo en conta que, segundo o informe emitido pola tesoureira municipal con data de 28 de xaneiro de 2021, "*TEN obrigas pendentes de pago co Concello de Cambre á data de 1/12/202 (data final de presentación de ofertas) e á data actual*", incumprindo, deste xeito, o establecido no artigo 140.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como o establecido na cláusula 16.1.9 do PCAP e na propia declaración responsable achegada á oferta, procedendo a esixencia do importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade (isto é, 2.787,50 euros). Isto, de conformidade co artigo 150.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Visto que na mesma sesión de 1 de febreiro a Mesa de Contratación realizou nova proposta de adxudicación a prol do licitador "Excavaciones J. Carreira, S.L", por ser a segunda entidade que obtivo a maior puntuación de conformidade cos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo a documentación, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público con data do 20 de xaneiro de 2022, completada o 14 de febreiro de 2022.

Visto que con data 2 de marzo de 2022 o arquitecto municipal emite informe sobre a suficiencia de medios para a execución do contrato, no que consta:

"ASUNTO: ACREDITACION DE SOLVENCIA TÉCNICA Y ADECUACIÓN DE LOS MEDIOS PERSONALES Y MATERIALES OFERTADOS POR EXCAVACIONES J CARREIRA S.L. PARA LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS COMPRENDIDAS EN EL "PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE DEMOLICIÓN DE EDIFICIO SITO EN LUGAR DE CAMPONS. CASTROBOO"

EXPEDIENTE: 2021/C003/000010

INFORME

1. En el punto 9 del Informe Técnico relativo al trabajo de referencia se establecían los medios personales y materiales requeridos para la ejecución de dicho trabajo; entre los medios personales se indicaba que el Jefe de Obra debería tener una titulación media, sin precisar expresamente cual o cuales eran las requeridas para dar cumplimiento a esta demanda.

Los trabajos de demolición comprenden el derribo de las construcciones y elementos constructivos hasta su completa eliminación, por lo que pueden definirse como el "proceso inverso al de la construcción"; de tal forma que tal como figura en el Proyecto Básico y de Ejecución de referencia, los trabajos a ejecutar se desarrollaran de forma inversa a los realizados al construir la edificación que se pretende demoler.

Así la titulación requerida para el Jefe de Obra, según se establece en el mencionado punto 9 del Informe Técnico, tendrá que ser similar a la requerida para un proceso de construcción, proceso regulado por la Ley 38/1999 de Ordenación de la Edificación (LOE).

Por otra parte, las características solicitadas en el Informe Técnico para Jefe de Obra, viene también avaladas por las condiciones del trabajo a desarrollar, que tal como se incluye en el "VI Convenio General del Sector de la Construcción (2017-2021)", se corresponden básicamente con: gestión de proyectos de edificación, obras civiles, etc.; realización de mediciones y certificaciones; gestión de la ejecución de la obra, métodos de control, planes de obra de calidad y de seguridad y salud; verificación del resultado final de la ejecución de la obra; gestión técnica y control económico de la ejecución de la obra; gestión y control de la documentación de la obra; etc.

Es decir, la titulación media requerida en el mencionado punto 9, tendrá que ser la de Arquitecto, Arquitecto Técnico, Ingeniero o Ingeniero Técnico, estos dos últimos de acuerdo con sus especialidades y competencias específicas reguladas en la Ley 12/1986 sobre atribuciones profesionales de los Arquitectos e Ingenieros Técnicos.

2. La contratación de las obras se realiza mediante procedimiento abierto simplificado, con pluralidad de criterios de adjudicación con aplicación de juicios de valor y criterios de apreciación automática; en el punto 8 del Informe Técnico se describen los condicionantes y criterios de valoración de la documentación que deben presentar los licitadores.

Así, dentro del documento "PROGRAMA DE TRABAJO" se especificaba que debía incluirse:

.....
5. Listado de medios humanos y maquinaria que se va a utilizar en la obra (máximo 2 puntos)
.....

En el apartado A.5.1 "Estructura organizativa" (pagina 16 del Programa de Trabajo, presentado por EXCAVACIONES J CARREIRA S.L.) figuraba como Jefe de Obra una Ingeniera Técnica; dicha estructura fue valorada tal como se presentó en dicho documento.

3. Con fecha 11/02/2022, EXCAVACIONES J CARREIRA S.L. aporta la relación de los medios personales y materiales que se adscriben al trabajo, entre ellos y como Jefe de Obra propone a una persona cuya titulación es Diplomada en Relaciones Laborales, presentando igualmente una titulación de Formación Profesional de Segundo Grado de la rama Administrativa y Comercial como Técnico Especialista en contabilidad; por lo que no se corresponde con la titulación media requerida por el Informe Técnico.

Igualmente, dicho Jefe de Obra no se corresponde con la "Estructura organizativa" que se aportó por el licitador en el Programa de Trabajo presentado, y cuya composición fue objeto de valoración; de tal forma que en la relación ahora aportada el Jefe de Obra corresponde con la persona que en la estructura organizativa desempeñaba el puesto de "Responsable de calidad, medioambiente y SS"

4. A la vista de lo anterior hay que considerar que:

- El Jefe de Obra propuesto por EXCAVACIONES J CARREIRA S.L. presenta una titulación que no se corresponden con lo requerido según el Informe Técnico realizado para la presente licitación.
- Se ha modificado la propuesta organizativa, relativa como mínimo al Jefe de Obra, que fue valorada en su día.

Por lo tanto, NO se cumple con los medios personales solicitados para la ejecución de los trabajos objeto de la presente licitación y se ha modificado la "Estructura organizativa" de la empresa, para el desarrollo del presente trabajo, que fue objeto de valoración".

Visto que con data de 8 de marzo de 2022 a secretaria accidental emite informe-proposta no que indica que, ademáis, tampouco xustifica estar dado de alta no epígrafe correspondente do IAE na data final de presentación de ofertas, segundo o disposto no artigo 13.1 do RD 1098/2001, non procedendo a subsanación, en tanto que da documentación aportada se deduce que o licitador non cumpre cos seguintes requisitos:

- Respecto da adscripción de medios personais, non estamos ante un suposto no que proceda a corrección da documentación aportada de forma errónea ou incompleta respecto dos medios materiais comprometidos, senón que se substituíu o medio personal comprometido por outro que non garda identidade de tipo, requisitos e calidade; isto é, non é que o licitador non presentara de forma correcta ou incompleta a documentación requirida, senón que da mesma pode deducirse claramente que non cumpre co requisito establecido no punto 16.1.11 do requirimento efectuado, en concordancia co PCAP.
- Respecto do IAE, dentro do prazo de presentación de ofertas (do 12/11/2021 ao 1/12/2021) o licitador, con data de 25/11/2021, deuse de alta no epígrafe "621.- Comercio maior chatarra e metais refugo", sen constar a súa alta no epígrafe correspondente: "502.1.- Demolicións e derribos en xeral". Isto é, non é que o licitador non presentara de forma correcta ou incompleta a documentación requirida, senón que da mesma pode deducirse claramente que non cumpre co requisito establecido no punto 16.1.9 do requirimento efectuado, en concordancia co PCAP.

Visto o acordo adoptado no día de hoxe, 9 de marzo de 2022, pola Mesa de Contratación designada no presente procedemento.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 7 de decembro de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polas empresas que a seguir se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, e ter achegado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II A do mesmo:

- Demoliciones Javier Ares, S.L.
- Excavaciones J. Carreira, S.L.

Segundo: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 7 de decembro de 2021, na que se ratifica o informe emitido polo arquitecto municipal con data de 9 de decembro de 2021, aprobar as seguintes puntuacións parciais e totais correspondentes aos criterios non evaluables mediante fórmulas, que integran a primeira fase de valoración das ofertas, e que constan na cláusula 15.1 e anexo IV do PCAP (Programa de traballo e Programa de actuación medioambiental):

- Programa de traballo

EMPRESAS	PROGRAMA DE TRABAJO
EXCAVACIONES J CARREIRA S.L.	9,10
DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L.	13,60
puntuación	0 - 15

- Programa de actuación medioambiental :

EMPRESAS	ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL
EXCAVACIONES J CARREIRA S.L.	7,00
DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L.	6,25
puntuación	0 - 10

- Total puntuacions Fase 1 (Criterios non avaliados mediante fórmulas)

EMPRESAS	TOTAL F1
EXCAVACIONES J CARREIRA S.L.	16,10
DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L.	19,85

De acordo co establecido na cláusula 15.1 e Anexo IV do PCAP, e tal e como recolle o informe emitido polo arquitecto municipal con data de 9 de decembro de 2021 ratificado pola Mesa de Contratación con data 13 de decembro de 2021, ao superar a puntuación mínima esixida para esta Fase I (12,50 puntos segundo establece o punto 8 do Informe Técnico), todas as empresas valoradas continúan no proceso selectivo.

Terceiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 13 de decembro de 2021, aprobar as seguintes puntuacións parciais e totais correspondentes aos criterios avaliados mediante fórmulas, que integran a segunda Fase de Valoración das ofertas, e que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do PCAP (Oferta económica e porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa), así como o cálculo para a determinación do límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas:

EMPRESA	Prezo ofertado sen IVE	Prezo ofertado con IVE	Puntos oferta econ.	Porcentaxe de persoal fixo	Puntos porcentaxe de persoal fixo	TOTAL 2ª Fase
Demoliciones Javier Ares, SL	73.373,56 €	88.782,01 €	60	96 %	13,40	73,40
Excavaciones J. Carreira, SL	92.900,00 €	112.409,00 €	30	54,54 %	12,00	42,00

Tendo en conta o disposto na Cláusula 15.4.2 do PCAP, segundo a cal:

“15.4.2.- Se considerará, en principio, como anormalmente baixas as ofertas que se atopan nos seguintes supostos (artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas):

(...)

2. Cando concurren dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.”

Resulta que a oferta presentada por “Demoliciones Javier Ares, S.L.” atópase en presunción de ser anormalmente baixa, dado que existe unha diferenza porcentual dun 21,01% respecto á oferta de “Excavaciones J. Carreira, S.L.”, quedando establecido o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas en 74.320,00 euros.

Cuarto: Xustificada a oferta incursa en presunción de ser anormalmente baixa, de conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 13 de decembro de 2021 e de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, aprobar a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas admitidas, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

Orde	EMPRESAS	Puntuación FASE I	Puntuación FASE II	TOTAL	Baixa Temeraria
1ª	Demoliciones Javier Ares, SL	19,85	73,40	93,25	Sí
2ª	Excavaciones J. Carreira, SL	16,10	42,00	58,10	No

Quinto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 1 de febreiro de 2022, excluír á entidade “Demoliciones Javier Ares, S.L.”, con NIF B70126032, do procedemento de adxudicación da obra “Proxecto básico e de execución de demolición de edificio sito en lugar dos Campóns. Castrobó”, ao considerar que dita empresa retirou a súa oferta, tendo en conta que, segundo o informe emitido pola tesoureira municipal con data de 28 de xaneiro de 2021, “TEN obrigas pendentes de pago co Concello de Cambre á data de 1/12/202 (data final de presentación de ofertas) e á data actual”, incumprindo, deste xeito, o establecido no artigo 140.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como o establecido na cláusula 16.1.9 do PCAP e na propia declaración responsable achegada á oferta, procedendo a esixencia do importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade (isto é, 2.787,50 euros). Isto, de conformidade co artigo 150.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Sexto: Proceder á devolución do aval depositado na Tesourería municipal da garantía definitiva e complementaria por importe total de 7.337,36 euros, con número de rexistro 1052 e data 21/01/2022, á entidade excluída, “Demoliciones Javier Ares, S.L.”, ao non poder ir contra a mesma para facer fronte á penalidade na que incorre, habida conta do establecido no artigo 110 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Sétimo: De conformidade cos informes emitidos polo arquitecto municipal con data do 2 de marzo de 2022 e pola secretaria accidental con data do 8 marzo de 2022, así como co acordo adoptado pola Mesa de Contratación en sesión celebrada con data de 9 de marzo actual, excluír a “Excavaciones J. Carreira, S.L.”, con NIF B27188317, do procedemento de adxudicación da obra “Proxecto básico e de execución de demolición de edificio sito en lugar dos Campóns. Castrobó”, ao considerar que dita empresa retirou a súa oferta, tendo en conta que:

- Non se atende o requirimento efectuado con data de 2 de febreiro de 2022, no seu punto 16.1.11 (dispoñer efectivamente dos medios persoais comprometidos), en tanto que “non se cumpre cos medios persoais solicitados para a execución dos traballos obxecto da presente licitación e modificouse a “Estrutura organizativa” da empresa, para o desenvolvemento do presente traballo, que foi obxecto de valoración”, segundo o informe emitido con data de 2 de marzo polo arquitecto municipal.
- Non se atende o requirimento efectuado con data de 2 de febreiro de 2022, no seu punto 16.1.9 respecto de estar dado de alta no epígrafe correspondente do IAE (502.1.- Demolicións e derribos en

xeral) na data de presentación de ofertas, segundo o disposto no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Incumprindo, deste xeito, o establecido no artigo 140 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como o establecido na cláusula 16.1.11 do PCAP, na propia declaración responsable achegada á oferta e no Programa de traballo presentado que forma parte de dita oferta, procedendo a esixencia do importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade (isto é, 2.787,50 euros). Isto, de conformidade co artigo 150.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Oitavo: Proceder á devolución do aval depositado na Tesourería municipal da garantía definitiva por importe total de 4.645,00 euros, con número de rexistro 1060 e data 10/02/2022, á entidade excluída, "Excavaciones J. Carreira, S.L.", ao non poder ir contra a mesma para facer fronte á penalidade na que incorre, habida conta do establecido no artigo 110 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Noveno: Unha vez esgotada a lista de licitadores presentados, declarar **deserto** o procedemento de contratación para a obra "**Proxecto básico e de execución de demolición de edificio sito en lugar dos Campóns. Castrobo**", expediente 2021/C003/000010.

Décimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a declaración de deserto no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo primeiro: Notifíquese ao departamento de Urbanismo e obras e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e corenta minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.



O presidente

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López